



Concello de Bueu

ACTA NÚM. 5 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL E CONTRATACIÓN PÚBLICA (A1), INCLUÍDA NA OEP 2024

Asisten:

Presidente: Jacobo Uberto Rodríguez Fernández

Vogais: Sonia Dapena Lois; Ana Ramos Ramos (quen asiste a distancia ao abeiro do art. 17.1 LRXSP); e Rafael del Barrio Berbel (quen asiste a distancia ao abeiro do art. 17.1 LRXSP)

Secretaria: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión presencial e a distancia sendo as 10.45 horas do día 23.02.2026, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para o nomeamento como persoal funcionario de carreira dun/ha TAX, segundo as bases aprobadas pola XGL o 18.02.2025 (CSV 4YC7LG3D6ZMQE366JPXK95LZ2) e nomeado pola R.A 2025-2157 do 05.12.2025 (CSV 4ZALS2SHXTZWXDCMP75N6D5TD), coa asistencia das persoas precitadas.

O pasado 06.02.2026 foron convocadas á realización do 3º exame do proceso ás 10 persoas que resultaron ser aptas no 2º exercicio (tipo test), o 23.02.2026 ás 11.30 horas na biblioteca municipal Torrente Ballester.

Respecto diso, segundo as bases 9 das reguladoras:

“TERCEIRO EXERCICIO: Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado os exercicios obrigatorios previos, consistirá na resolución por escrito dunha proba de tipo teórico-práctico, relacionada coas materias comprendidas nos temas 31 a 100 (incluídos) do Anexo II. No exercicio proporanse polo tribunal ata un máximo de dez preguntas de extensión curta ou axeitada ao tempo de realización do exame, que impliquen un desenvolvemento teórico e/ou práctico dos coñecementos requiridos. O cuestionario de preguntas curtas será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización. O tempo máximo para a realización do exercicio será de dúas horas (120 minutos). A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar o número mínimo de preguntas acertadas necesario para alcanzar a dita puntuación, que non terá por que corresponderse necesariamente co 50% das preguntas acertadas. As puntuacións obtidas por cada aspirante serán as medias aritméticas das cualificacións outorgadas por cada membro do tribunal”.

Así as cousas, de entre a batería de 12 preguntas escóllense 4 polo tribunal e este fixa os criterios de corrección que se darán a coñecer ás persoas aspirantes. En consecuencia, as impresións das follas identificativas e dos exames comeza ás 11.04 horas e remata ás 11.18 horas.

A versión escrita do exame entregada ás persoas aspirantes é a seguinte (inclúe polo anverso o exame en lingua castelá e polo reverso en lingua galega):



CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Los criterios de corrección y cualificación son los siguientes:

- 1)) Identificación normativa precisa. Se valorará la contextualización y fundamentación jurídica del tema/pregunta, demostrando unos conocimientos teóricos adecuados, con un nivel de profundidad razonable y actualización de contenidos.
- 2)) Claridad, capacidad de síntesis y rigor técnico. Se valorará la precisión terminológica, la capacidad expositiva, la riqueza léxica, la estructura y la sintaxis fluida.
- 3)) Exhaustividad y precisión técnica complementaria. Se valorarán las referencias jurisprudenciales, doctrinales, a tribunales/juntas consultivas y la aplicación, en su caso, al caso planteado.

PREGUNTAS (VERSIÓN EN CASTELLANO)

1) Relación de Puestos de Trabajo (RPT) en las entidades locales gallegas: Defínala e indique el procedimiento para su aprobación, precisando si está sujeta a fiscalización y el fundamento jurídico de dicha exigencia o de su eventual exclusión. Exponga también su régimen de impugnación. **[2.5 PUNTOS]**

2) El alcalde del ayuntamiento de Bueu aprueba por decreto una "instrucción" que impone nuevas obligaciones a los vecinos en materia de residuos no previstas en la ordenanza municipal vigente. Analice la validez jurídica de dicha actuación. **[2.5 PUNTOS]**

3) Subvenciones en las entidades locales:

3.1) Indique cuáles son los procedimientos de concesión de subvenciones y defínalos brevemente. **[1.5 PUNTOS]**

3.2) El Ayuntamiento de Bueu quiere aprobar la convocatoria para la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, destinado al sostenimiento de los gastos corrientes de las entidades deportivas que desarrollan actividades de promoción del deporte a través de escuelas deportivas en el municipio. Para ello el ayuntamiento tiene aprobada una ordenanza que establece las bases reguladoras de la convocatoria, pero no dispone de plan estratégico de subvenciones aprobado.

Tras la aprobación de la convocatoria, el ayuntamiento realiza la publicación de esta a través de los medios que marca la ley: **[0,25 PUNTOS CADA PREGUNTA]**

1. ¿Ha seguido el ayuntamiento el procedimiento adecuado en la aprobación de la convocatoria de la subvención?
2. ¿En qué medios debe publicar la convocatoria?
3. ¿Qué fase de ejecución del gasto se correspondería con la concesión de una de esas subvenciones?
4. ¿Cuál es el plazo máximo para resolver y notificar la resolución del procedimiento?

4) Contratación en las entidades locales:

Un Ayuntamiento adjudica un contrato administrativo de obras de un depósito de abastecimiento de agua potable, por importe de 450.000 euros (IVA excluido). Durante su ejecución, el director facultativo pone de manifiesto la necesidad de modificar el proyecto por la aparición de circunstancias geotécnicas imprevisibles que obligan a alterar la solución de cimentación inicialmente prevista, lo que supone un incremento del precio del contrato del 18 % (que son 81.000 euros, IVA excluido), por lo que, de aprobarse, el precio del contrato ascendería a 531.000,00 euros (IVA excluido).

El PBL (presupuesto base de licitación) sin IVA ascendía 550.000,00 euros y coincidía con el VE (valor estimado del contrato).

Consta que los recursos ordinarios del presupuesto municipal ascienden a 8.102.444,00 euros.

A) Analice el régimen jurídico de la modificación del contrato de obras conforme a la LCSP (Ley 9/2017) distinguiendo entre modificaciones previstas y no previstas y determinando, expresamente, qué supuesto concreto de modificación resultaría aplicable en el caso planteado. **[0,5 PUNTOS]**

B) Determine cuál sería el órgano de contratación. **[0,5 PUNTOS]**

C) Desarrolle de forma sistemática el iter procedimental completo para la tramitación y aprobación de un modificado en un contrato de obras, identificando los preceptos legales aplicables e indicando todas las actuaciones, informes, trámites y requisitos formales exigibles hasta su aprobación y formalización. **[1,5 PUNTOS]**



CRITERIOS DE CORRECIÓN

Os criterios de corrección e cualificación son os seguintes:

- 1)) Identificación normativa precisa. Valorarase a contextualización e fundamentación xurídica do tema/pregunta, demostrando uns coñecementos teóricos adecuados, cun nivel de profundidade razoable e actualización de contidos.
- 2)) Claridade, capacidade de síntese e rigor técnico. Valorarase a precisión terminolóxica, a capacidade expositiva, a riqueza léxica, a estrutura e a sintaxe fluída.
- 3)) Exhaustividade e precisión técnica complementaria. Valoraranse as referencias xurisprudenciais, doutrinais, a tribunais/xuntas consultivas e a aplicación, no seu caso, ao caso exposto.

PREGUNTAS (VERSIÓN EN GALEGO)

1) Relación de Postos de Traballo (RPT) nas entidades locais galegas: Defínaa e indique o procedemento para a súa aprobación, precisando se está suxeita a fiscalización e o fundamento xurídico da devandita esixencia ou da súa eventual exclusión. Expoña tamén o seu réxime de impugnación. **[2.5 PUNTOS]**

2) O alcalde do concello de Bueu aproba por decreto unha "instrución" que impón novas obrigacións aos veciños en materia de residuos non previstas na ordenanza municipal vixente. Analice a validez xurídica da dita actuación. **[2.5 PUNTOS]**

3) Subvencións nas entidades locais:

3.1) Indique cales son os procedementos de concesión de subvencións e defínaos brevemente. **[1.5 PUNTOS]**

3.2) O Concello de Bueu quere aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinado ao sostemento dos gastos correntes das entidades deportivas que desenvolven actividades de promoción do deporte a través de escolas deportivas no municipio. Para iso o concello ten aprobada unha ordenanza que establece as bases reguladoras da convocatoria, pero non dispón de plan estratéxico de subvencións aprobado.

Tras a aprobación da convocatoria, o concello realiza a publicación desta a través dos medios que marca a lei: **[0,25 PUNTOS CADA PREGUNTA]**

3.2.1) Seguiu o concello o procedemento adecuado na aprobación da convocatoria da subvención?

3.2.2) En que medios debe publicar a convocatoria?

3.2.3) Que fase de execución do gasto se correspondería coa concesión dunha desas subvencións?

3.2.4) Cal é o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento?

4) Contratación nas entidades locais:

Un Concello adxudica un contrato administrativo de obras dun depósito de abastecemento de auga potable, por importe de 450.000 euros (IVE excluído). Durante a súa execución, o director facultativo pon de manifesto a necesidade de modificar o proxecto pola aparición de circunstancias xeotécnicas imprevisibles que obrigan a alterar a solución de cimentación inicialmente prevista, o que supón un incremento do prezo do contrato do 18 % (que son 81.000 euros, IVE excluído), polo que, de aprobarse, o prezo do contrato ascendería a 531.000,00 euros (IVE excluído).

O PBL (orçamento base de licitación) sen IVE ascendía 550.000,00 euros e coincidía co VE (valor estimado do contrato).

Consta que os recursos ordinarios do orçamento municipal ascenden a 8.102.444,00 euros.

A) Analice o réxime xurídico da modificación do contrato de obras conforme á LCSP (Lei 9/2017) distinguindo entre modificacións previstas e non previstas e determinando, expresamente, que suposto concreto de modificación resultaría aplicable no caso exposto. **[0,5 PUNTOS]**

B) Determine cal sería o órgano de contratación. **[0,5 PUNTOS]**

C) Desenvolva de forma sistemática o iter procedemental completo para a tramitación e aprobación dun modificado nun contrato de obras, identificando os preceptos legais aplicables e indicando todas as actuacións, informes, trámites e requisitos formais esixibles ata a súa aprobación e formalización. **[1,5 PUNTOS]**

As 11.42 horas iníciase o chamamento pola secretaria, identificando co seu DNI ás persoas admitidas, que



toman asento na sala destinada ao efecto na Biblioteca central municipal. **As seguintes persoas quedan eliminadas do proceso ao non presentarse a unha proba obrigatoria e eliminatória:**

DNI	Aspirante
***5486**	Jose Luis Franco Pintos
***6591**	Carlos Neira Cortizas

Pola secretaria do tribunal advírtese un erro no DNI que figuraba para o aspirante Sergio Irigoyen Vázquez. Cómprouse polo presidente, vogal 1º e secretaria a solicitude de participación do dito aspirante e o DNI que porta, obténdose como resultado que o DNI correcto é ***5547** e, como agora sí consta correctamente identificado, permíteselle realizar o exame xunto coas outras 7 persoas aspirantes presentadas.

A secretaria do tribunal facilita ás persoas aspirantes un conxunto de etiquetas con códigos identificativos para anonimizar a corrección, de entre as que cada aspirante escolle unha ao chou. A continuación explica como cubrir a folia de identificación e cada aspirante introducea nun sobre que se pecha na súa presenza. Ademais explica as normas para a realización da proba: tempo máximo de realización, criterios de corrección e que entregarán ao tribunal soamente as follas de resposta ás 4 preguntas curtas que se lles proporán, que incluírá as etiquetas con código anónimo ou o código anonimizado manuscrito (para o que se non queren perder tempo do exame, ao rematar se lles outorgarán 1-2 minutos para cubrir en cada follas os 12 caracteres alfanuméricos). Sinálalles tamén que: cada pregunta ten ao carón a súa puntuación e que non se esixe que sigan a orde das preguntas na contestación, que poderían comezar por exemplo pola 3 en vez de pola 1 e continuar pola 2; e que deberán numerar as follas. Asemade especifica que ninguén pode indicar o nome, asinar ou facer calquera sinal que permitira identificar o exame, en cuxo caso este puntuaríase con 0 puntos.

Con todo, a proba comeza ás 11.54 horas e indícase que dispoñen de 120 minutos para realizala, ata as 13.54 horas. As persoas aspirantes entregan a proba antes do remate desta, acabando a últimas ás 13.46 horas.

En consecuencia, o tribunal non dispón de tempo suficiente para a corrección na xornada de hoxe polo que acorda escanear os exames, asinalos dixitalmente para evitar repudios e remitilos aos 5 membros do tribunal para que cada un/ha cualifique separadamente ás persoas aspirantes. Despois, nunha sesión conxunta, outorgarase a nota coa media aritmética das 5 notas previamente definidas, segundo dispoñen as bases.

A vista do que antecede, o tribunal acorda:

1. Publicar esta acta no taboleiro de edictos e na web municipais.
2. Ter por eliminadas do proceso ás seguintes persoas non presentadas ao terceiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatório:

DNI	Aspirante
***5486**	Jose Luis Franco Pintos
***6591**	Carlos Neira Cortizas

3. Convocar ao tribunal o vindeiro 13.03.2026 ás 12.00 horas para cualificar ás persoas aspirantes.

Sen máis asuntos que tratar, levántase o acto ás 13:51 horas, ordenándose a redacción desta acta á secretaria que é asinada dixitalmente a través da plataforma de xestión de expedientes do concello de Bueu.

